


Alfred Jarry

UBÚ REI



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

A. Jarry: *Ubú rei*. Tradución ao galego de Henrique Harguindey.

<http://palabrasdesconxeladas.com>

PERSONAXES

Pai Ubú
Nai Ubú
Capitán Bordadura
Rei Wenceslao
Raíña Rosemunda
Boleslao, Ladislao e Amolao, fillos destes
Xeneral Lascy
Estanislao Leczinski
Xoán Sobieski
Nicolao Rensky
Emperador Alexis
Xirón, Pía e Cotica, palotinos
Conxurados e Soldados
Pobo
Miguel Federovich
Nobres
Maxistrados
Conselleiros
Financeiros
Lacaios de Phynanzas
Labregos
Todo o exército ruso
Todo o exército polonés
Gardas da Nai Ubú
Un capitán
O oso
O cabalo de phynanzas
A máquina de esmiolar
A tripulación
O comandante



ACTO I

ESCENA 1

Pai Ubú, Nai Ubú.

PAI UBÚ

Merdra!

NAI UBÚ

É ben bonito, Pai Ubú! Sodes un grandísimo loubán!

PAI UBÚ

Por que non vos zoscarei, Nai Ubú!

NAI UBÚ

Non é a min, Pai Ubú! É a outro ao que cómpre asasinar!

PAI UBÚ

Pola miña candea verde! Non entendo.

NAI UBÚ

Como, Pai Ubú? Estadese contento do voso fado?

PAI UBÚ

Pola miña candea verde! Merdra, señora! E mais si, estou contento! Podería un contentarse con menos! Son capitán de dragóns, oficial de confianza do rei Wenceslao, estou condecorado coa orde da Águia Vermella de Polonia e antigo rei de Aragón: que máis queredes?

NAI UBÚ

Como? Despois de terdes sido rei de Aragón: contentádesvos con levar á revista unha cincuentena de palafreiros armados de espadotes cando a coroa de Polonia podería suceder riba da vosa cachola á coroa de Aragón?

PAI UBÚ

Ah, Nai Ubú, non entendo nada do que dis!

NAI UBÚ

Es tan parvo!

PAI UBÚ

Pola miña candea verde! Aínda está viviño o rei Wenceslao, e mesmo chegado de que morra: non ten el lexións de fillos?

NAI UBÚ

E quen che impide de exterminares toda a familia e póreste no seu lugar?

PAI UBÚ

Ah, Nai Ubú, inxuriádesme e ides pasar decontado polo cazolo!

NAI UBÚ

Malpocadiño! Se eu pasase polo cazolo: quen che había remendar os teus calzóns?

PAI UBÚ

É certo! E que máis ten? Non teño eu un cu coma os demais?

NAI UBÚ

Eu, no teu lugar, ese cu habíao pousar sobre dun trono. Poderías aumentar indefinidamente as túas riquezas, comer androlla moi a miúdo e andar en carroza pola rúa.

PAI UBÚ

Se eu fose rei, había mandar que me fixesen unha gran capelina, como a que tiña en Aragón e que eses moinantes dos españois me roubaron como godallos.

NAI UBÚ

Poderíaste facer tamén cun paraugas e un gabán longo que che caíse ata os pés.

PAI UBÚ

Ah, sucumbo ante a tentación! Maricallo de merdra! Merdra de maricallo! Se algún día o pillo no medio dunha fraga ha pasar un mal momento!

NAI UBÚ

Moi ben, Pai Ubú, fixécheste un home de certo!

PAI UBÚ

Ai, non! Eu, capitán de dragóns, exterminar o rei de Polonia? Denantes morrer!

NAI UBÚ (*aparte*)

Ho, merdra! (*En alto*) Entón: has seguir laceirento coma un rato, Pai Ubú?

PAI UBÚ

Casontal! Pola miña candeia verde! Quero mellor ser laceirento coma un fraco e bon rato que rico coma un gordo e malvado gato.

NAI UBÚ

E a capelina? E o paraugas? E o gabán longo?

PAI UBÚ

E que máis me ten, Nai Ubú?

Vaise dando un portazo.

NAI UBÚ (*soa*)

Prrrr...Merdra! Foi duro de pelar, mais...Prrrr...Merdra... coido que vai tocado! Grazas a Deus e a min mesma, pode que de aquí en oito días eu sexa a raíña de Polonia.

ESCENA 2

A escena representa un cuarto da casa do pai Ubú onde está servida unha mesa espléndidamente.

Pai Ubú, Nai Ubú.

NAI UBÚ

Os nosos invitados tardan ben: nonsí?

PAI UBÚ

Si, pola miña candeia verde! Morro coa fame. Nai Ubú, estás ben fea hoxe. Seica é porque temos xente?

NAI UBÚ (*erguendo os ombreiros*)

Merdra!

PAI UBÚ (*pillando un polo asado*)

Vaites, teño fame! Vou trabar neste paxaro. É un polo, paréceme. Non está mal.

NAI UBÚ

Que fas, desgraciado? Que han comer os nosos convidados?

PAI UBÚ

Inda lles ha quedar abondo. Non vou tocar máis nada. Vaite logo mirar se chegan os nosos convidados, Nai Ubú.

NAI UBÚ (*indo aló*)

Non vexo nada.

Entrementes o Pai Ubú rouba un toro de vitela.

NAI UBÚ

Ah, velaí chegan o capitán Bordadura e os seus partidarios! E logo: que comes, Pai Ubú?

PAI UBÚ

Nada un pouquiño de vitela.

NAI UBÚ

Papón! Papón! Papaches a vitela! Socorro!

PAI UBÚ

Pola miña candeia verde, vouche arrincar os ollos!

Ábrese a porta.

ESCENA 3

Pai Ubú, Nai Ubú, capitán Bordadura e os seus partidarios.

NAI UBÚ

Bo día, señores, agardabámosvos con impaciencia. Sentade.

CAPITÁN BORDADURA

Bo día, miña señora. E logo: onde vai o Pai Ubú?

PAI UBÚ

Velaquí estou! Velaquí estou! E mais estou gordo de abondo, pardiolas! Pola miña candea verde!

CAPITÁN BORDADURA

Bo día, Pai Ubú! Sentade, miña xente.

Séntanse todos.

PAI UBÚ

Uf! Un pouco máis e eu afundía o asento!

CAPITÁN BORDADURA

Ei, Nai Ubú! Que cousa boa nos vai dar hoxe?

NAI UBÚ

Velaí o menú.

PAI UBÚ

Ai, iso interésame!

NAI UBÚ

Sopa polonesa, costelas de rastrón, vitela, polo, paté de can, cu de pavo, charlota rusa...

PAI UBÚ

Xa é abondo, supoño. Ou aínda hai máis?

NAI UBÚ *(seguindo)*

Xelado, ensalada, froita, postre, carne fervida, tupinambores, coliflores con merdra.

PAI UBÚ:

Oíches: pensas que son o emperador de Oriente para gastar tanto?

NAI UBÚ

Non o escoitedes, é imbécil.

PAI UBÚ

Vou afiar os meus dentes contra as vosas canelas.

NAI UBÚ

Vai ceando e cala, Pai Ubú. Velaí tes polonesa.

PAI Ubú

Arrebicho, que mal sabe!

CAPITÁN BORDADURA

Non sabe ben, efectivamente.

NAI UBÚ

Fato de mouros! Que queredes, entón?

PAI UBÚ (*petando na fronte*)

Oi, teño unha idea! Logo volvo!

Vaise.

NAI UBÚ

Meus señores, imos probar a vitela.

CAPITÁN BORDADURA

Está moi boa, xa acabei!

NAI UBÚ

Os cús de pavo, agora.

CAPITÁN BORDADURA

Exquisito! Exquisito! Viva a Nai Ubú!

TODOS

Viva a Nai Ubú!

PAI UBÚ (*entrando de volta*)

E axiña habedes gritar: "Viva o Pai Ubú!"

Leva na man unha vasoira innominábel e bótaa enriba do festín.

NAI UBÚ

Miserábel, que fas?

PAI UBÚ

Probade un pouquiño.

Algúns proban e caen envenenados

PAI UBÚ

Nai Ubú, pásame as costeletas de rastrón para eu servir.

NAI UBÚ
Velaí están

PAI UBÚ
Fóra todos! Capitán Bordadura, teño que vos falar

OS OUTROS
Ei, aínda non ceamos!

PAI UBÚ
Como que aínda non ceastes? Fóra todo o mundo! Bordadura, quedade.

Ninguén se move

PAI UBÚ
Aínda non marchastes? Pola miña candea verde, heivos zoscar coas costeletas de rastrón.

Comez a lanzalas.

TODOS
Oi! Ai! Socorro! Defendámonos! Que desgraza, morrín!

PAI UBÚ
Merdra, merdra e merdra! Fóra! Son eficaz.

TODOS
Sálvese quen poida! Miserábel Pai Ubú! Traidor e ruín bandido!

PAI UBÚ
Ah, por fin marcharon! Respiro, mais ceei moi mal. Veña, Bordadura.

Saen coa Nai Ubú.

ESCENA 4

Pai Ubú, Nai Ubú, capitán Bordadura.

PAI UBÚ
E logo, capitán: ceastes ben?

CAPITÁN BORDADURA
Moi ben, si señor, non sendo a merdra.

PAI UBÚ
Ei, a merdra non estaba mal!

NAI UBÚ

Cada quen ten os seus gustos

PAI UBÚ

Capitán Bordadura, estou decidido a vos facer duque de Lituania.

CAPITÁN BORDADURA

Como ? Eu coidábovos moi laceirento, Pai Ubú.

PAI UBÚ

Dentro duns días, se vós queredes, hei reinar en Polonia.

CAPITÁN BORDADURA

Ides matar a Wenceslao?

PAI UBÚ

Non é parvo, o fulano este, adiviñou.

CAPITÁN BORDADURA

Se se trata de matar a Wenceslao, estou de acordo. Son inimigo mortal del e respondo polos meus homes.

PAI UBÚ *(botándose enriba del para o abrazar)*

Ai, ai, moitos vos quero, Bordadura!

CAPITÁN BORDADURA

Ei, apestades, Pai Ubú! Seica non vos lavades nunca?

PAI UBÚ

Poucas veces

NAI UBÚ

Nunca!

PAI UBÚ

Vouche andar no lombo!

NAI UBÚ

Monte de merdra!

PAI UBÚ

Xa acabei convosco, Bordadura. Mais, pola miña candea verde, xuro pola Nai Ubú facervos duque de Lituania!

NAI UBÚ

Pero...

PAI UBÚ
Cala, miña meniña...

Saen...

ESCENA 5

Pai Ubú, Nai Ubú, un mensaxeiro.

PAI UBÚ
Que queredes, señor? Liscade de aí, que me estades cansando!

O MENSAXEIRO
Señor, o rei mándavos chamar.

Vaise.

PAI UBÚ
Oh, merdra! Cago na pucha! Pola miña candea verde! Estou descuberto: vanme cortar a cabeza! Ai, ai, ai!

NAI UBÚ
Que home tan mol! E coa presa que temos!

PAI UBÚ
Ah, teño unha idea! Vou dicir que foron a Nai Ubú e mais Bordadura.

NAI UBÚ
Ah, grandísimo P. U.! Se fas iso...

PAI UBÚ
Ei! Vou a escape.

Sae.

NAI UBÚ *(Correndo atrás del)*
Ah, Pai Ubú, Pai Ubu! Heiche dar androlla.

Sae.

PAI UBÚ *(entre bastidores)*
Ah, merdra! Ti si que es unha boa androlla!

ESCENA 6

Palacio de rei.

O rei Wenceslao rodeado dos seus oficiais, Bordadura, os fillos do rei: Boleslao, Ladislao e Amolao. Despois, Ubú.

PAI UBÚ *(entrando)*

Non fun eu, sabedes? Fóronlle a Nai Ubú e mais Bordadura.

O REI

Que tes, Pai Ubú?

BORDADURA

Bebeu de mais.

O REI

Coma min esta mañá!

PAI UBÚ

Si, estou cheo porque bebín demasiado viño de Francia.

O REI

Pai Ubú, quero recompensarche os teus numerosos servizos como capitán de dragóns e hoxe noméote conde de Sandomir.

PAI UBÚ

Oh, señor Wenceslao, non sei como volo agradecer!

O REI

Non mo agradezas, Pai Ubú, e estate mañá pola mañá na revista xeral.

PAI UBÚ

Estarei, si señor, mais tede a bondade de aceptar este este asubío.

Dalle ao rei un asubío.

O REI

Que queres que faga cun asubío? Voullo dar a Amolao.

O MOCIÑO AMOLAO

Parvo é, este Pai Ubú .

PAI UBÚ

E agora líscome. *(Cai ao dar a volta)* Oh! Ai! Socorro!, Pola miña candea verde, rompín o intestino e rebentei o fol!

O REI *(erguéndoo)*

Pai Ubú, mancástesvos?

PAI UBÚ

De certo que si, e seguro que vou reventar. Que vai ser da Nai Ubú?

O REI

Nós proveeremos para o seu coidado.

PAI UBÚ

Sóbravos bondade. *(Sai)* Si, mais, rei Wenceslao, non por iso has deixar de ser exterminado.

ESCENA 7

A casa de Ubú.

Xirón, Pía, Cotica, Pai Ubú, conxurados e soldados, capitán Bordadura.

PAI UBÚ

Ei, meus amiguiños, é tempo de prepararmos o plan da conspiración! Que cada quen dea a súa opinión. Eu vou dar a miña primeiro, se mo permitides

CAPITÁN BORDADURA

Falade, Pai Ubú.

PAI UBÚ

Pois ben, meus amigos, son da opinión de envenenarmos sinxelamente o rei meténdolle arsénico no seu almorzo. Cando el queira pacelo ha caír morto e así hei ser eu rei.

TODOS

Boh! Macacadas!

PAI UBÚ

O que? Non vos gusta? Entón, que Bordadura dea a súa opinión.

CAPITÁN BORDADURA

Eu son da opinión de lle largar un bo espadazo que o fenda da testa á cintura.

TODOS

Si, velaí unha cousa nobre e valente,

PAI UBÚ

E se se pon a vos dar patadas? Lémbrome agora que usa para as revistas uns zapatóns de ferro que mancan moito. Se eu o soubera xurdiría a vos denunciar para tirarme deste asunto suxo, e penso que me había dar cartos tamén.

NAI UBÚ

Que traidor, covarde, ruín e despreciábel cunichas.

TODOS

Apupade ao Pai Ubú!

PAI UBÚ

Ei! Señores, parade quietos se non queredes visitar os meus sacos. En fin, consinto en me exponer por vós. Entón, Bordadura, ti te encargas de fender o rei de arriba a abaixo.

CAPITÁN BORDADURA

Non sería mellor botarnos todos a un tempo enriba del orneando e ouveando? Así teríamos a oportunidade de arrastrar as tropas.

PAI UBÚ

Entón, velaí: eu vou tratar de lle pisar os pés, el encabuxarase, entón eu direille “MERDRA” e a este sinal, vós botarédesvos riba del.

NAI UBÚ

Si, e des que estea morto, ti collerás o seu cetro e a súa coroa.

CAPITÁN BORDADURA

E eu correrei cos meus homes en persecución da familia real,

PAI UBÚ

Si, e encoméndoches especialmente o mociño Amolao.

Saen.

PAI UBÚ (*correndo atrás deles e facendo que volvan*)

Señores, esqueceunos unha cerimonia indispensábel: cómpre que xuremos baternos afoutadamente.

CAPITÁN BORDADURA

E como imos facer? Non temos crego.

PAI UBÚ

A Nai Ubú vai facer a vez del.

TODOS

Moi ben, de acordo.

PAI UBÚ

Xurades, logo, matar o rei?

TODOS

Xuramos, si. Viva o Pai Ubú!

ACTO II

ESCENA 1

O palacio do rei.

Wenceslao, a raíña Rosamunda, Boleslao, Ladislao e Amolao.

O REI

Señor Amolao, fostes esta mañá impertinente co señor Ubú, cabaleiro das miñas ordes e conde de Sandomir. Por esta razón prohíbovos aparecer na miña revista.

A RAÍÑA

Mais, Wenceslao, nin toda a familia abondaría para vos defender.

O REI

Miña señora, endexamais me volvo atrás do que dixen. A vosa leria cánsame.

O MOCIÑO AMOLAO

Sométome á vosa vontade, meu señor pai.

A RAIÑA

E, con todo, maxestade, seguides decidido a ir a esa revista?

O REI

E por que non, miña señora?

A RAÍÑA

Dígovolo outra vez: seica non o teño visto nos meus soños a vos bater coa súa maza e a vos botar no Vístula, e unha águia como a que coroa o escudo de Polonia a lle pousar a coroa na cabeza?

O REI

A quen?

A RAÍÑA

Ao Pai Ubú

O REI

Que tolemia! O señor de Ubú é un fidalgo boísimo que sería quen de se deixar tirar por catro cabalos para me servir.

A RAÍÑA E AMOLAO

Vaia erro!

O REI

Calade, macaquiño! E vós, señora, para vos demostrar o pouco que lle temo ao señor Ubú hei ir á revista como estou: sen armadura e sen espada.

A RAÍÑA

Fatal imprudencia, non vos hei ver nunca máis con vida.

O REI

Vide, Ladislao, vide, Boleslao.

Saen. A Raíña e Amolao van á fiestra

A RAÍÑA E AMOLAO

Que Deus e o gran san Nicolao vos amporen.

A RAÍÑA

Amolao, vide á capela comigo, rezar por voso pai e vosos irmáns.

ESCENA 2

O campo da revista.

O exército polonés, o Rei, Boleslao, Ladislao, Pai Ubú, capitán Bordadura e os seus homes, Xirón, Pía e Cotica.

O REI

Nobre pai Ubú, vide cabo de min co voso séquito para inspeccionarmos as tropas.

PAI UBÚ *(aos seus)*

Atención, vosutros. *(Ao Rei)* Imos alá, señor, imos alá.

Os homes de Ubú rodean ao rei.

O REI

Ah, velaí o reximento dos gardas a cabalo de Dantzick. A fe que son ben fermosos!

PAI UBÚ

Parécevos? Eu atópoos ruíns. Mirade para este. *(Ao soldado)* Dende cando non lavaches o fociño, bandallo inmundo?

O REI

Mais este soldado está moi limpo. Que tedes, Pai Ubú?

PAI UBÚ

Velaí.

Esmágalle o pé.

O REI

Miserábel!

PAI UBÚ
MERDRA. A min, os meus homes!

CAPITÁN BORDADURA
Bravo! Adiante!

Todos mallan no rei, un palotino estoupa.

O REI
Ai, socorro! Virxe Santísima, estou morto!

BOLESLAO *(a Ladislao)*
Que é isto? Desembaiñemos.

PAI UBÚ
Ei, xa teño a coroa! A polos outros, agora.

CAPITÁN BORDADURA
Contra os traidores!

Os fillos do rei foxen, perséguenos todos.

ESCENA 3

A raíña e Amolao

A RAÍÑA
Por fin comezo a me tranquilizar.

AMOLAO
Non tedes por que ter medo ningún.

Un balbordo terríbel faise oír por fóra.

AMOLAO
Ah! Que é o que vexo? Meus dous irmáns perseguidos polo Pai Ubú e os seus homes.

A RAÍÑA
Ai, meu Deus! Virxe Santísima, están a perder terreo!

AMOLAO
Todo o exército segue ao Pai Ubú. O rei non está xa. Horror! Socorro!

A RAÍÑA
Velaí Boleslao morto! Recibiu un balazo.

AMOLAO

Ei! (*Ladislao revírase*) Deféndete! Bravo Ladislao!

A RAÍÑA

Oh! Arrodeárono.

AMOLAO

Acabouse Ladislao. Bordadura cortouno en dous coma unha salchicha.

A RAÍÑA

Ai! Coitados de nós, esas furias están entrando no palacio, están subindo pola escaleira.

O balbordo aumenta.

A RAÍÑA E AMOLAO (*de xeonllos*)

Meu Deus, protexédenos!

AMOLAO

Ai, ese Pai Ubú! Que loubán! Que miserábel! Se o tivera nas miñas mans...

ESCENA 4

Os mesmos. A porta está botada abaixo. Entran o Pai Ubú e os aloucados.

PAI UBÚ

Ei, Amolao, que me queres facer?

AMOLAO

Viva Deus! Hei protexer a miña nai ate a morte! O primeiro que dea un paso é home morto.

PAI UBÚ

Ai, Bordadura, teño medo! Deixádeme que marche.

UN SOLDADO (*avanza*)

Réndete, Amolao!

O MOCIÑO AMOLAO

Ten, moinante! Velaí o teu merecido!

Féndelle o cranio.

A RAÍÑA

Resiste, Amolao! Resiste!

VARIOS (*avanzan*)

Amolao, prometemos de te deixar con vida.

AMOLAO

Baldreus! Pelexos de viño! Macacos pagados!

Fai un remuíño coa súa espada e mata unha chea deles.

PAI UBÚ

Boh! Hei acabar vencendo, de todos os xeitos!

AMOLAO

Miña nai, escapa pola escaleira secreta.

A RAÍÑA

E ti, meu fillo? E ti?

AMOLAO

Eu sígote.

PAI UBÚ

Tratade de pillar a raíña. Ah, xa escapou! Tocante a ti, miserábel...!

Avanza cara a Amolao.

AMOLAO

Ah! Viva Deus! Velaí a miña vinganza! (*Descóselle a morcedrolla dun espadazo terríbel*) Miña nai, sígote!

Desaparece pola escaleira secreta.

ESCENA 5

Unha cova no monte. O mociño Amolao entra seguido de Rosamunda.

AMOLAO

Aquí estaremos seguros

A RAÍÑA

Penso que si! Amolao, sosténme!

Cae sobre da neve

AMOLAO

Eh! Que tes, miña nai?

A RAÍÑA

Estouche ben enferma, pódemo crer, Amolao. Non me quedan máis que dúas horas de vida.

AMOLAO

O que? Coleríate o frío?

A RAÍÑA

Como queres que dea resistido tantos golpes? O rei exterminado, a nosa familia destruída e ti, o representante da máis nobre raza que endexamais teña levado espada, forzado a fuxir ao monte coma un contrabandista.

AMOLAO

E por quen, gran Deus? Por quen? Por un vulgar Pai Ubú, aventureiro saído de non se sabe onde, crápula vil, vagabundo vergoñento! E cando penso que meu pai o condecorou e o fixoo conde, e que no outro día o moi ruín non tivo vergoña en alzar a man contra del!

A RAÍÑA

Ai, Amolao, cando me lembro do felices que eramos antes da chegada dese Pai Ubú! Mais agora, por desgraza, todo cambiou!

AMOLAO

Que lle queres? Agardemos con esperanza e non renunciemos nunca aos nosos dereitos.

A RAÍÑA

Deséxocho a ti, meu filliño, mais o que son eu non hei ver ese día feliz.

AMOLAO

Ei! Que tes? Palidece e cae. Socorro! Mais estou nun deserto! Ai, meu Deus, o seu corazón non bate xa! Morreu! Será posible? Outra vítima do Pai Ubú! (*Esconde o rostro nas mans e chora*) Ai, meu Deus, que triste é verse só aos catorce anos cunha terríbel vinganza que proseguir!

Cae preso da máis violenta desesperación.

Durante este tempo entran na gruta as ánimas de Wenceslao, Boleslao, Ladislao e Rosamunda, acompañados polos Devanceiros e enchen a gruta. O máis vello achégase a Amolao e espértao suavemente.

Eh! Que estou a ver? Toda a miña familia, os meus devanceiros... Que prodixio é este?

A SOMBRA

Sabe, Amolao, que eu fun en vida o señor Matías de Königsberg, o primeiro rei e fundador da casa. Encoméndoche a nosa vinganza. (*Dálle unha gran espada*) E que

esta espada que che eu entrego non teña acougo senón cando teña dado morte ao usurpador.

Desaparecen todos e Amolao queda só, en actitude de éxtase.

ESCENA 6

O palacio do rei

Pai Ubú, Nai Ubú, capitán Bordadura

PAI UBÚ

Non! Eu non quero! Querédesme arruinar a favor deses larpeóns?

CAPITÁN BORDADURA

Veña, ho, Pai Ubú! Non vedes que o pobo agarda o regalo pola coroación?

NAI UBÚ

Se non fas repartir viandas e ouro, hante derrocar de aquí a dúas horas.

PAI UBÚ

Viandas, si! Ouro, non! Matade tres cabalos vellos, chega ben para eses macacos.

NAI UBÚ

Macaco seralo ti! Quen me fabricaría un animal desta caste?

PAI UBÚ

Dígovolo outra vez: quérome facer rico e non vou soltar un pataco.

NAI UBU

Cando se teñen nas mans todos os tesouros de Polonia.

CAPITÁN BORDADURA

Si, eu sei que na capela hai un tesouro inmenso. Ímolo repartir entre a xente.

PAI UBÚ

Es un miserábel se fas iso!

CAPITÁN BORDADURA

Escoita, Pai Ubú: se non fas reparto o pobo non ha querer pagar os impostos.

PAI UBÚ

E certo iso?

NAI UBÚ
Si, si!

PAI UBÚ
Entón, totalmente de acordo. Reunide tres millóns, asade cento cincuenta vacas e carneiros. Cantos máis queirades, que tamén han ser máis para min.

Saen.

ESCENA 7

O patio do palacio cheo de Pobo.

Pai Ubú, Nai Ubú, capitán Bordadura, lacaios carregados de viandas.

POBO
Viva o rei! Viva o rei! Bravo!

PAI UBÚ (*botando ouro*)
Tomade! Velaí tedes! Non me facía graza darvos diñeiro, mais, sabedes, foi a Nai Ubú quen o quixo. Prometédeme, cando menos, que habedes pagar os impostos.

TODOS
Si! Si!

CAPITÁN BORDADURA
Mirade, Nai Ubú, como pelexan polo ouro. Que batalla!

NAI UBÚ
De certo que é horríbel. Fo! Velaí un co cranio fendido.

PAI UBÚ
Que fermoso espectáculo! Traede outras caixas de ouro.

CAPITÁN BORDADURA
E se fixeramos unha carreira?

PAI UBÚ
Si, é unha boa idea.

Ao pobo:

Meus amigos, vedes esta caixa de ouro, contén trescentos mil nobres de ouro gravados cunha rosa, é moeda polonesa de boa lei. Que os que queren correr se poñan no extremo do patio. Sairedes cando eu axite o meu pano das mans e o

primeiro que chegue ha levar a caixa. Os que non gañen, han ter como consolación estoutra caixa que lles habemos repartir.

TODOS

Si! Viva o Pai Ubú! Que bo rei! Non nos daban tanto no tempo de Wenceslao.

PAI UBÚ (*á Nai Ubú, moi ledó*)

Escóitaos!

Todo o pobo vaise pór en ringleira no extremo do patio.

PAI UBÚ

Unha, dúas, tres! Estades?

TODOS

Si! Si!

PAI UBÚ

Pois veña!

Saen rempuxándose. Berros e tumulto.

CAPITÁN BORDADURA

Xa se achegan! Xa se achegan!

PAI UBÚ

Ei, o primeiro está a perder terreo!

NAI UBÚ

Non, agora recupera.

CAPITÁN BORDADURA

Oh, perde, perde! Rematou! Foi o outro!

O que ía de segundo chega primeiro.

TODOS

Viva Miguel Fedorovich! Viva Miguel Fedorovich!

MIGUEL FEDOROVICH

Señoría, non sei como podo agradecer á Vosa Maxestade...

PAI UBÚ

Oh, meu amigo, non é nada. Leva a caixa para a túa casa, Miguel. E vós, repartídevos estoutra, collede cada un unha moeda ate que non queden máis.

TODOS

Viva Miguel Fedorovich! Viva o Pai Ubú!

PAI UBÚ

E vós, meus amigos, vide cear! Ábrovos hoxe as portas do palacio, facede honor á miña mesa!

POBO

Entremos! Entremos! Viva o Pai Ubú! É o máis nobre dos soberanos!

Entran no palacio. Síntese o ruído da orxía que se prolonga até o outro día. Cae o pano.

ACTO III

ESCENA 1

O palacio.

Pai Ubú, Nai Ubú.

PAI UBÚ

Pola miña candea verde! Xa son o rei deste país. Apañei unha indigestión e vanme traer a miña gran capelina.

NAI UBÚ

De que está feita, Pai Ubú? Porque, por moi reis que sexamos, cómpre non gastarmos moito.

PAI UBÚ

Miña señora femia, está feita de pel de carneiro cun ganchete e barazas de pel de can.

NAI UBÚ

É ben bonito, pero aínda é máis bonito sermos reis.

PAI UBÚ

Si, atinaches, Nai Ubú.

NAI UBÚ

Estámoste moi recoñecidos ao duque de Lituania.

PAI UBÚ

A quen dis?

NAI UBÚ

Eh! O capitán Bordadura.

PAI UBÚ

Por favor, Nai Ubú, non me fales dese larpeón. Agora que xa non preciso del, pode rañar o bandullo, non ha ter o seu ducado.

NAI UBÚ

Fas mal, Pai Ubú. Vaise revirar contra túa.

PAI UBÚ

Ai, pobriño del, moita mágoa me dá! Preocúpame tanto como Amolao.

NAI UBÚ

Ei! Pensas que acabaches con Amolao?

PAI UBÚ

Sabre para finanzas, pois claro! Que queres que me faga ese macaquiño de catorce anos?

NAI UBÚ

Atende ao que che eu digo, Pai Ubú. Créme: trata de que Amolao se xunte a ti utilizando con el a xenerosidade.

PAI UBÚ

Dar máis cartos aínda? Ai, non, ho! Xa me fixestes estragar ben vintedous millóns.

NAI UBÚ

Coida da túa cabeza, Pai Ubú, el hacha facer doer.

PAI UBÚ

Cala, que nos ha tocar aos dous, logo.

NAI UBÚ

Escóitame outra vez máis: estou segura de que o mociño Amolao vai gañar, porque ten o dereito da súa parte.

PAI UBÚ

Ah, porcallada! E logo eu non teño da miña o revés? Estasme a insultar, Nai Ubú, voute picar en anacos.

A Nai Ubú foxe perseguida por Ubú.

ESCENA 2

A sala grande do palacio.

Pai Ubú, Nai Ubú, oficiais e soldados, Xirón, Pía e Cotica, nobres encadeados, financeiros, maxistrados, escribáns.

PAI UBÚ

Traede a caixa para nobres e o gancho para nobres e o coitelo para nobres e libro para nobres! E despois facede avanzar os nobres.

Rempuxan brutalmente aos nobres.

NAI UBÚ

Fai favor, Pai Ubú, acouga.

PAI UBÚ

Teño o honor de vos anunciar que para enriquecer o reino vou facer perecer os nobres todos e confiscar os seus bens.

NOBRES

Horror! Valédenos, pobo e soldados!

PAI UBÚ

Traede o primeiro nobre e pasádeme o gancho para nobres. Os que sexan condeados á morte heinos pasar pola trapela e así han caír nos sotarregos do Pinzaporcós e do Cuarto para Patacos, onde os han esmiolar. *(Ao Nobre)* Quen es ti, larpeón?

NOBRE

Conde de Vitepsk.

PAI UBÚ

Canto tes de renda?

O NOBRE

Tres millóns de rixdais.

PAI UBÚ

Condenado!

Píllao co gancho e méteo no burato.

NAI UBÚ

Que ferocidade máis baixa!

PAI UBÚ

Segundo nobre: quen es ti? *(O nobre non responde)* Vas responder, larpeón?

O NOBRE

Gran Duque de Posen.

PAI UBÚ

Excelente! Excelente! Non preciso preguntarche máis. Á trapela. Terceiro nobre: quen es ti? Tes cara de can.

O NOBRE

Duque de Curlandia, das vilas de Riga, de Revel e de Mitau.

PAI UBÚ

Moi ben! Moi ben! Non tes máis nada?

O NOBRE

Nada

PAI UBÚ

Para a trapela, entón! Cuarto nobre: quen es ti?

O NOBRE
Príncipe de Podolia.

PAI UBÚ
Que rendas tes?

O NOBRE
Estou arruinado.

PAI UBÚ
Por esa mala contestación: pasa para a trapela. Quinto nobre: quen es ti?

O NOBRE
Margrave de Thorn, palatino de Polock.

PAI UBÚ
Non val moito, iso. Non tes máis nada?

O NOBRE
Abondábame iso.

PAI UBÚ
Ben, mellor pouco ca nada! Para a trapela. Que andas a chilrar, Nai Ubú?

NAI UBÚ
Es feroz de máis, Pai Ubú.

PAI UBÚ
Ei! Estoume a enriquecer. Vou facer que me lean a MIÑA lista dos MEUS bens.
Escribán, lede a MIÑA lista dos MEUS bens.

O ESCRIBÁN
Condado de Sandomir

PAI UBÚ
Comeza polos principados, paspán!

O ESCRIBÁN
Principado de Podolia, gran ducado de Posen, ducado de Curlandia, condado de Sandomir, condado de Vitepsk, palatinado de Polock, margraviado de Thorn.

PAI UBÚ
E que mais?

O ESCRIBÁN
Xa está todo.

PAI UBÚ

Como que está todo? Ou ben , daquela: adiante cos nobres! E como nunca hei acabar de me enriquecer, hei executar todos os nobres e así hei ter todos os seus bens vacantes. Veña, pasade os nobres para a trapela!

Amorean os nobres na trapela.

Apurade, máis rápido, agora quero facer leis.

VARIOS

Ímolo ver, iso.

PAI UBÚ

Primeiramente vou reformar a xustiza, e despois diso procederemos coas finanzas.

VARIOS MAXISTRADOS

Nós opómonos a calquera cambio.

PAI UBÚ

Merdra. Primeiramente, aos maxistrados non se lles ha volver pagar.

MAXISTRADOS

E de que habemos vivir? Nós somos pobres.

PAI UBÚ

Teredes as multas que impoñades e os bens dos condenados á morte.

UN MAXISTRADO

Horror.

SEGUNDO

Infamia.

TERCEIRO

Escándalo.

CUARTO

Indignidade.

TODOS

Negámonos a xulgar en semellantes condicións.

PAI UBÚ

Para a trapela os maxistrados!

Resístense en van.

NAI UBÚ

Eh! Que é o que fas, Pai Ubú? Quen ha impartir a xustiza agora?

PAI UBÚ

Vaites! Pois eu. Has ver o ben que vai ir.

NAI UBÚ

Si, vai ser fino.

PAI UBÚ

Vamos, cala, larpeonísima! Agora, meus señores, imos proceder coas finanzas.

FINANCEIROS

Non hai nada que cambiar,

PAI UBÚ

Como? Pois eu quero cambialo todo. Primeiramente, quero gardar para min a metade dos impostos.

FINANCEIROS

Non se priva.

PAI UBÚ

Meus señores, imos establecer un imposto do dez por cento sobre a propiedade, outro sobre o comercio e a industria, un terceiro sobre os casamentos e un cuarto sobre as defuncións, cada un de cen pesos.

PRIMEIRO FINANCEIRO

Mais é estúpido, iso, Pai Ubú.

SEGUNDO FINANCEIRO

É absurdo.

TERCEIRO FINANCEIRO

Non ten pés nin cabeza

PAI UBÚ

Estades a vos chufar de min? Para a trapela os financeiros!

Enfornan os financeiros.

NAI UBÚ

Ai, ho, Pai Ubú! Mira como fas de rei: mandas exterminar a todo o mundo.

PAI UBÚ

Eh, Merdra!

NAI UBÚ

Acabouse a xustiza, acabáronse as finanzas.

PAI UBÚ

Non teñas medo ningún, miña meniña. Hei ir eu mesmo de aldea en aldea recadar os impostos.

ESCENA 3

Unha casa de labradores nos arredores de Varsovia. Varios labradores están reunidos.

UN LABRADOR *(Entrando)*

Oíde a gran noticia: o rei morreu, os duques tamén e o mociño Amolao fuxiu coa súa nai ao monte. A maiores, o Pai Ubú apoderouse do trono.

OUTRO

Eu sei aínda outras. Veño de Cracovia, onde vin portar os corpos de máis de trescentos nobres e de cincocentos maxistrados que mataron, e dis que van dobrar os impostos e que o Pai Ubú vai vir recollelos el mesmo.

TODOS

Gran Deus! Que vai ser de nós? O Pai Ubú é un macaco noxento e a súa familia seica é abominábel.

UN LABRADOR

Mais, escoitade: non semella que petan na porta?

UNHA VOZ *(fóra)*

Cornachedrolla! Abride, pola miña merdra, por san Xoán, por san Pedro e san Nicolao! Abride, sabre para finanzas, corno para finanzas, veño buscar os impostos!

Botan abaixo a porta. Entra Ubú seguido por unha lexión de Alcabaleiros.

ESCENA 4

PAI UBÚ

Quen de vós é o máis vello? *(Adiántase un labrador)* Como te chaman?

O LABRADOR

Estanislao Leczinski.

PAI UBÚ

Pois ben, cornachedrolla, escóitame ben, senón estes señores hante cortar as onellas. Vasme escoitar dunha vez?

ESTANISLAO

Mais Vosa Maxestade aínda non dixo nada.

PAI UBÚ

Como? Estou a falar dende hai unha hora. Crés que veño aquí para predicar no deserto?

ESTANISLAO

Lonxe de min ese pensamento.

PAI UBÚ

Veño, logo, dicirche, ordenarche e comunicarche que tes que producir e exhibir prontamente a túa finanza, senón serás exterminado. Vamos, ilustrísimos porcazotes da finanza, carricocheade para aquí o carricoche para finanza.

Traen o carricoche.

ESTANISLAO

Maxestade, no catastro só estamos rexistrados por cento cincuenta e dous rixdais que xa pagamos vai para seis semanas polo San Mateu.

PAI UBÚ

É moi posíbel, mais cambiei o goberno e fixen poñer no xornal que se pagarían dúas veces os impostos todos, e tres veces aqueles que poidan ser determinados posteriormente. Con este sistema axiña hei ter feito fortuna, entón hei matar todos e marchar.

LABRADORES

Señor Ubú, sede benevolente e apiadádevos de nós. Somos uns pobres cidadáns.

UBÚ

Impórtame un pito. Pagade.

LABRADORES

Non podemos, xa o fixemos.

PAI UBÚ

Pagade ou vos meto no meu saco con suplicio e decapitación! Cornachedrolla, son o rei, disque.

TODOS

Seica si? Ás armas! Viva Amolao, rei de Polonia e de Lituania pola graza de Deus!

PAI UBÚ

Adiante, señores das Finanzas, cumpriده o voso deber!

Comeza unha loita, a casa é destruída e o vello Estanislao foxe só a través da chaira. Ubú queda recollendo a finanza.

ESCENA 5

Unha casamata das fortificacións de Thorn.

Bordadura encadeado, Pai Ubú.

PAI UBÚ

Ah, cidadán! Velaí o que son as cousas, ti quixeches que eu che pagase o que che debía, entón revolvícheste porque eu non quixen, conspiraches e agora estás no caldeiro! Cornafinanza, estáche ben e a xogada está tan ben feita que ti mesmo debes atopala moi do teu gusto.

BORDADURA

Tede conta, Pai Ubú, Dende hai cinco días que sodes rei, xa cometestes máis asasinatos dos que cumprirían para condenar todos os santos do Paraíso. O sangue do rei e dos nobres clama vinganza e o seu clamor ha ser oído.

PAI UBÚ

Ei, meu amiguiño, tedes a lingua ben solta! Se chegades a escapar, non dubido de que puidesen presentárenos complicacións. Mais non creo que as casamatas de Thorn tivesen nunca ceibado ningún dos bos rapaces que lles tiñan confiado. Por iso, boas noites, invítovos a dormir tranquilamente, aínda que as ratas bailen aquí unha zarabanda bastante bonita.

Sae. Os lacaios veñen botar o ferrollo a todas as portas.

ESCENA 6

O palacio de Moscú.

O emperador Alexis e a súa corte, Bordadura.

O TSAR ALEXIS

Fostes vós, infame aventureiro, quen cooperastes na morte do noso primo Wenceslao?

BORDADURA

Maxestade, perdoádeme, fun arrastrado malia min polo Pai Ubú.

ALEXIS

Mentirán vergoñento! En fin: que é o que desexades?

BORDADURA

O Pai Ubú mandoume meter na cadea co pretexto dunha conspiración. Dinme escapado e corrín a caballo durante cinco días e cinco noites a traveso das estepas para vir implorar a Vosa graciosa misericordia.

ALEXIS

E que me traes como prenda da túa sumisión?

BORDADURA

A miña espada de aventureiro e un plano detallado da vila de Thorn.

ALEXIS

Collo a espada, mais, por san Xurxo, queimade ese plano! Non quero deber a miña vitoria á traición.

BORDADURA

Un dos fillos de Wenceslao, o mociño Amolao, está aínda vivo. Hei facer todo para o restablecer no trono.

ALEXIS

Que grao tiñas no exército polonés?

BORDADURA

Mandaba o 5º reximento dos dragóns de Wilna e unha compañía franca ao servizo do Pai Ubú.

ALEXIS

Está ben, noméote subtenente do 10º reximento dos cosacos, e ten conta non nos traicionares. Se te bates ben, has ser recompensado.

BORDADURA

Non é o valor o que me falta. Maxestade.

ALEXIS

Moi ben, desaparece da miña presenza.

Sae.

ESCENA 7

A sala do Consello de Ubú.

Pai Ubú, Nai Ubú, Conselleiros de Fynanzas.

PAI UBÚ

Meus señores, a sesión está aberta e tratade de escoitar ben e de estardes tranquilos. Primeiro imos co capítulo das finanzas, despois falaremos dun pequeno sistema que eu imaxinei para facer que veña o bo tempo e esconxurar a chuvia.

UN CONSELLEIRO

Moi ben, señor Ubú.

NAI UBÚ

Que home máis parvo!

PAI UBÚ

Señora da miña merdra, coidadiño que non vou aturar as vosas parvadas. Dicíavos, pois, señores, que as finanzas van pasabelmente. Un número considerábel de cans con calcetíns de la desprégase cada mañán polas rúas e os porcazotes fan maravillas. Por todos os lados non se ven senón casas queimadas e xentes que se dobregan baixo o peso das nosas fynanzas.

O CONSELLEIRO

E os novos impostos, señor Ubú: van ben?

NAI UBÚ

En absoluto, O imposto sobre os casamentos non producíu aínda senón 11 patacos. E mais o Pai Ubú anda a perseguir a xente por todas partes para forzala a casar.

PAI UBÚ

Sabre para finanzas, corna da miña chedrolla, señora financeira, eu teño onellas para falar e vós unha boca para oír. (*Gargalladas*) Ou, mellor dito, non! Vós facédesme enganar e sodes a causa de que son parvo! Mais...corna de Ubú! (*Entra un mensaxeiro*) Vamos, veña: que lle pasa outra vez a este? Vaite, macaco, ou voute ensacar con decapitación e torsión das pernas.

NAI UBÚ

Ah, xa marchou, pero hai unha carta!

PAI UBÚ

Léa. Coido que eu perdo as luces ou que non sei ler. Apura, larpeona, debe ser de Bordadura.

NAI UBÚ

Xustamente. Di que o tsar recibíuno moi ben, que vai invadir os teus Estados para restablecer a Amolao e que a ti hante matar.

PAI UBÚ

Ho! Ho! Teño medo! Ha, coido que morro! Ai, pobriño de min! Que vai ser de min, gran Deus? Ese home malvado vaimos matar. San Antonio e santos todos, protexédeme! Heivos dar finanza e hei queimar cirios para vós. Señor, que vai ser de min?

Chora e salouca.

NAI UBÚ

Non queda senón unha saída, Pai Ubú.

PAI UBÚ

Cal, meu amor?

NAI UBÚ

A guerra!!

TODOS

Viva Deus! Que cousa tan nobre!

PAI UBÚ

Si, e aínda me han zoscar outra vez.

PRIMEIRO CONSELLEIRO

Corramos, corramos organizar o exército

SEGUNDO

E reunir os víveres.

TERCEIRO

E preparar a artillaría e as fortalezas.

CUARTO

E coller os cartos para as tropas.

PAI UBÚ

Ai, non, madia leva! Voute matar, a ti. Non quero dar cartos. Esa é outra! Antes pagábanme para fixese a guerra e agora vai correr a conta miña! Pola miña candeia verde, non! Fagamos a guerra, pois que rabeades por ela, mais non soltemos un pataco!

TODOS

Viva a guerra!

ESCENA 8

O campo baixo Varsovia

SOLDADOS E PALOTINOS

Viva Polonia! Viva o Pai Ubú!

PAI UBÚ

Ah, Nai Ubú, dáme a miña coiraza e o meu garabullíño! Axiña hei estar tan cargado que non daría andado se me perseguisen.

NAI UBÚ

Fo! Covarde.

PAI UBÚ

Ah, está escapando o sabre para merdra e o gancho para finanzas non resiste! Endexamais hei rematar con iso, e os rusos avanza e vanme matar.

UN SOLDADO

Señor Ubú, a tesoura para onellas está caíndo.

PAI UBÚ

Iu matín todoz co gancho para merdra e o coitelo para cara.

NAI UBÚ

Que fermoso está co seu casco e a súa coiraza, semella un cabazo con armadura!

PAI UBÚ

Ah! Agora vou montar a cabalo. Traede, meus señores, o cabalo para fyanzas.

NAI UBÚ

Pai Ubú, o teu cabalo non te daría levado, xa, non comeu nada dende hai cinco días e está case morto.

PAI UBÚ

Eche boa, esa! Fanme pagar 12 patacos diarios por este faco e non me pode levar. Estadés a vos chufar, corna de Ubú, ou a me roubar? (*A Nai Ubúponse rubia e baixa a vista*) Entón, que me traian outra besta, mais a pé non hei ir, cornachedrolla!

Traen un cabalo grandísimo

PAI UBÚ

Vou subir enriba. Ai, sentado, máis ben, porque vou caír! (*O cabalo parte*) ai, parade a miña besta, Deus santo, vou caír e morrer!!!

NAI UBÚ

É parvo de a feito. Ah, velaí que se volveu erguer. Mais caíu polo chan.

PAI UBÚ

Corna física, estou medio morto! Mais é igual, vou á guerra e hei matar todo o mundo. Coidadiño o que non ande dereito! Iu mítoio no meu saco con torsión do nariz e dos dentes e extracción da lingua.

NAI UBÚ

Boa sorte, señor Ubú.

PAI UBÚ

Esquecíame dicirche que che confío a rexencia. Mais levo comigo o libro das finanzas, peor para ti se me roubas. Déixoches o palotino Xirón para que che axude. Adeus, nai Ubú.

NAI UBÚ

Adeus, Pai Ubú. Mata o tsar ben matadiño.

PAI UBÚ

Halo ver. Torsión do nariz e dos dentes, extracción da lingua e afundimento do garabullíño nas onellas.

O exército afástase co ruído das fanfarrias.

NAI UBÚ (*soa*)

Agora que ese gran monifate marchou, imos tratar de facer os nosos choios, matar a Amolao e apoderarnos do tesouro.

ACTO IV

ESCENA 1

A cripta dos antigos reis de Polonia na catedral de Varsovia.

NAI UBÚ

Onde estará o tesouro ese? Ningunha lousa soa a oco. E mais contei ben trece pedras a partir da tumba de Ladislao o Grande indo a rentes da parede, e non hai nada. Seguro que me enganaron. Non, non, velaí: aquí a pedra soa a oco. Ao traballo, Nai Ubú. Ánimo, tiremos esta pedra. Resístese ben. Imos coller esta punta de gancho para finanzas que vai cumprir o seu cometido outra vez. Velaí! Velaí o ouro entremedias das osamentas dos reis. Veña, todo para o noso peto! Eh, que é ese ruído? Haberá aínda alguén vivo nestas vellas bóvedas? Non, non é nada, apurémonos. Collamos todo. Estes cartos han estar mellor á luz do día ca no medio das tumbas dos antigos príncipes. Volvamos poñer a pedra. Eh, o que? Segue ese ruído? A miña presenza nestes lugares cáusame un estraño pavor. Hei coller o resto deste ouro noutra ocasión, hei volver mañán.

UNHA VOZ (*saíndo da tumba de Xoán Sexismundo*)

Endexamáis, Nai Ubú!

A Nai Ubú escapa pola porta secreta, asustada, levando o ouro roubado.

ESCENA 2

A praza de Varsovia.

Amolao e os seus partidarios. Pobo e soldados.

AMOLAO

Adiante, meus amigos! Viva Wenceslao e Polonia! O vello moinante do pai Ubú marchou e xa non queda máis que a meiga da Nai Ubú co seu palotino. Ofrézome para marchar en cabeza vosa e restablecer a raza dos meus pais.

TODOS

Viva Amolao!

AMOLAO

E nós suprimiremos todos os impostos establecidos polo ruín Pai Ubú.

TODOS

Bravo! Adiante! Corramos ao palacio e exterminemos esa gandallada.

AMOLAO

Ah! Velaí a Nai Ubú que sae cos seus gardas ao patín!

NAI UBÚ

Que queredes, meus señores? Ah, é Amolao!

A multitude guinda pedras.

PRIMEIRO GARDA

Todos os vidros están rompidos.

SEGUNDO GARDA

Por san Xurxo, que crocadas levei!

TERCEIRO GARDA

Cago no corno, morro!

AMOLAO

Guindade pedras, meus amigos.

O PALOTINO XIRÓN

Hon! Seica si?

Desembaíña e lánzase, facendo unha espantosa carnaxe.

AMOLAO

Ven aquí! Deféndete, covarde estrafalario!

Bátense.

XIRÓN

Morrín!

AMOLAO

Vitoria, meus amigos! Vamos tras da Nai Ubú!

Óense trompetas.

AMOLAO

Ah, velaí chegan os nobres! Corramos e pillemos a harpía malvada!

TODOS

Esperando o momento de estrangularmos o vello bandido!

A Nai Ubú escapa perseguida por todos os poloneses. Disparos de fusil e saravia de pedras.

ESCENA 3

O exército polonés en marcha por Ucraia.

PAI UBÚ

Cago no corno! Pola perna de Cristo! Vállame a cabeza dunha vaca! Imos perecer, porque morremos de sede e estamos fatigado. Don Soldado, tede a amabilidade de portar o noso casco para finanzas, e vós, don Lanceiro, encarregádevos da tesoura para merdra e do bastón para física a fin de aliviardes a nosa persoa, porque, repito, estamos canso.

PÍA

Hon! Seor! É asombroso que os rusos non aparezan.

PAI UBÚ

É lamentábel que o estado das nosas finanzas non nos permita termos un vehículo da nosa categoría porque, por medo a derrear a nosa montura, levamos feito todo o camiño a pé, arrastrando o noso cabalo pola brida. Mais, cando esteamos de volta en Polonia, habemos imaxinar por medio da nosa ciencia en física e axudado polas luces dos nosos conselleiros, un vehículo de vento para transportar todo o exército.

COTICA

Velaí Nicolao Renski que ven lanzado.

PAI UBÚ

Que ten este rapaz?

RENSKY

Todo está perdido, maxestade, os poloneses subleváronse, Xirón foi morto e a Nai Ubú fuxiu para o monte.

PAI UBÚ

Paxaro da noite! Animal da desgraza! Moucho con polainas! Onde pescaches esas andrómenas? Esa é outra! E quen o fixo? Aposto que Amolao. De onde ves?

RENSKY

De Varsovia, nobre Señor.

PAI UBÚ

Rapaz da miña merdra, se cho crera faría dar volta ao exército todo. Mais, señor rapaz, hai enriba dos teus ombreiro máis plumas ca miolo e ti soñaches parvadas. Vai á avanzada, meu rapaz, os rusos non están lonxe e axiña teremos que dar estocadas coas nosas armas tanto para merdra como para finanzas e para física.

O XENERAL LASCY

Pai Ubú, non vedes os rusos na chaira?

PAI UBÚ

É certo, os rusos! Estouche bo! Se aínda houbese maneira de marcharse, mais nada diso, estamos enriba dun alto e seremos o branco de todos os disparos.

O EXÉRCITO

Os rusos! O inimigo!

PAI UBÚ

Vamos, meus señores, tomemos as nosas disposicións para a batalla. Imos quedar sobre do outeiro e non habemos cometer a parvada de descender para abaixo. Eu permanecerei no medio coma unha cidadela viva e vosoutros gravitaredes arredor miña. Teño que vos recomendar que poñades nos fusís tantas balas como poidan coller nelas, porque oito balas poden matar oito rusos e sempre han ser eses menos enriba do meu lombo. Poñeremos a infantaría no baixo do outeiro para recibir os rusos e matalos un pouco, detrás a cabalaría para se lanzar na confusión, e os artilleiros de arredor do muíño de vento aquí presente para disparar sobre o montón. En canto a nós, permaneceremos dentro do muíño de vento e dispararemos coa pistola para fyanzas pola xanela, en través da porta colocaremos o bastón para física e, se alguén trata de entrar, ollo co gancho para merdra!!

OFICIAIS

As vosas ordes serán executadas, Maxestade.

PAI UBÚ

Eh, moi ben, seremos vencedores. Que horas son?

O XENERAL LASCY

As once da mañán.

PAI UBÚ

Daquela imos xantar porque os rusos non han atacar antes de mediodía. Dídelle aos soldados, señor Xeneral, que fagan as súas necesidades e entoen a Canción para Finanzas.

Lascy vaise.

SOLDADOS E PALOTINOS

Viva o Pai Ubú, o noso gran Finaceiro. Tin, tin, tin; tin, tin, ti, tin, tin, tatatín!

PAI UBÚ

Que boa xentte, adóroos! *(Chega unha bala de canón rusa e rompe a pá do muíño)*
Ah, teño medo, Señor Deus! Morrín! E mais non, non teño nada.

ESCENA 4

Os mesmos. Un capitán e despois o exército ruso.

UN CAPITÁN *(chegando)*

Maxestade, os rusos atacan.

PAI UBÚ

E que queres que eu lle faga? Non fun eu quen llelo mandou. Con todo, Señores das Finanzas, preparémonos para o combate.

O XENERAL LASCY

Segunda bala!

PAI UBÚ

Ah, non dou resistido! Aquí chove chumbo e ferro e poderíamos estragar a nosa poderosa persoa. Baixemos.

Baixan todos a paso de carreira. A batalla acaba de se encetar. Eles desaparecen entre torrentes de fume ao pé do outeiro.

UN RUSO (*batendo*)

Por Deus e polo Tsar!

RENSKY

Ai, morrín!

PAI UBÚ

Adiante! Ei, ti, señor, deixa que te pille, porque me mancaches, sabes? Pelexo de viño! Co teu revólver que non dispara.

O RUSO

Ai, non? Mirade iso.

Tíralle un pistoletazo.

PAI UBÚ

Ai! Oi! Estou ferido, estou furado, estou esburacado, estou administrado e estou enterrado. Abonda xa, eh? Ah, xa o teño! (*Ráchao*) Toma! Has empezar de volta?

O XENERAL LASCY

Adiante, puxemos vigorosamente, saltemos o foxo! A vitoria é nosa!

PAI UBÚ

Paréceche? Até agora sinto na miña fronte máis croques ca loureiros.

CABALEIROS RUSOS

Bravo! Paso ao Tsar!

Chega o Tsar acompañado de Bordadura disfrazado.

UN POLONÉS

Ah, Señor, Sálvese quen poida, velaí o Tsar!

OUTRO

Ai, meu Deus! Está a saltar foxo!

OUTRO

Pif! Paf! Deixou catro estomballados, ese animalote do tenente!

BORDADURA

Ei, vosoutros! Non acabastes aínda? Toma, Xoán Sobiesky, velaí o teu merecido!
(*Malla nel*) Agora, a por outros!

Fai unha matanza de poloneses.

PAI UBÚ

Adiante, meus amigos. Pillade ese esfameado! Facede compota cos moscovitas! A vitoria é nosa. Viva a Aguia Vermella!

TODOS

Adiante! Bravo! Pola perna de Cristo! Pillade o animalote!

BORDADURA

Por san Xurxo, caín!

PAI UBÚ (*recoñecéndoo*)

Ah, es ti, Bordadura! Ah, meu amigo! Estamos ben ledos, nós e a compañía toda, por te atoparmos de novo. Voute facer cocer a lume lento. Señores das Finanzas, prendan lume. Oh! Ah! Oh! Morrín. Polo menos foi un canonazo, o que acabo de recibir. Ai, meu Deus, perdoade os meus pecados. Foi un canonazo, si.

BORDADURA

Foi un pistoletazo de pólvora.

PAI UBÚ

Ai, chúfaste de min! Aínda! Para o saccco!

Bótase riba del e ráchao.

O XENERAL LASCY

Pai Ubú, avanzamos por todas partes.

PAI UBÚ

Xa o vexo, non podo máis, coséronme a patadas. Quixérame sentar no chan. Ai, a miña botella!

XENERAL LASCY

Ide coller a do Tsar, Pai Ubú.

PAI UBÚ

Vou correndiño! Vamos! Sabre para merdra, fai o teu cometido, e ti, gancho para finanzas, non quedas atrás. Que o bastón para física traballe con xenerosa emulación e compartas co garabullíño o honor de exterminar, baleirar e explotar o emperador moscovita. Adiante, noso señor cabalo para finanzas!

Lánzase sobre o Tsar

UN OFICIAL RUSO
En garda, Maxestade!

PAI UBÚ
Toma ti! Oh! Ai! Ah! Abonda xa, eh? Ah, señor, perdón, deixádeme tranquilo! Oh, non o fixen a mantenta!

Escapa. O Tsar perségueo.

PAI UBÚ
Virxe Santísima, este enrabiado estame a perseguir! Que fixen eu, gran Deus! Ah, aínda hai que saltar o foxo. Ai, síntoo a el atrás miña e o foxo diante! Coraxe, pechemos os ollos!

Salta o foxo. O Tsar cai nel.

O TSAR
Ben, estou dentro!

POLONESES
Bravo! Caíu o Tsar!

PAI UBÚ
Ah, apenas me atrevo a volverme! Está dentro. Ah, estalle ben, e mallan nel! Vamos, poloneses, bourade rexamente, ten un bo lombo, o miserábel! Eu non me atrevo a miralo! E mais a nosa predición realizouse enteiramente, o bastón para física fixo maravillas e ninguén dubida de que eu non o había matar completamente se non tivese aparecido un inexplicábel terror combatendo e anulando en nós os efectos da nosa coraxe . Mais tivemos ao socato que virar as costas e só debimos a nosa salvación á nosa habilidade no cabalgar e mais á solidez das patas do noso cabalo para finanzas, de rapidez só igualada pola súa solidez e de axilidade que constitúe a súa celebridade, e mais tamén á profundidade do foxo que se atopou moi a conto baixo os pasos do inimigo de nós, o aquí presente Mestre das Fynanzas. Todo isto é ben bonito, mais ninguén está a me escoitar. Vamos, ben isto comeza de volta!

Os dragóns rusos dan unha carga e liberan o tsar.

O XENERAL LASCY
Esta vez é a desbandada.

PAI UBÚ
Ah, velái a ocasión de lles dar sebo ás canelas. Veña logo, señores poloneses, adiante! Ou mellor dito, atrás!

POLONESES
Sálvese quen poida

PAI UBÚ

Vamos, en marcha! Que chea de xente, que fuxida, que multitude! Como me darei zafado deste revoltallo? (*Rempúxano*) Ei, ti, ten conta, ou vas experimentar o fervente valor do Mestre das Fynanzas! Ah, marchou! Lisquemos axiña entrementes que Lascy non nos ve.

Sai, despois vese pasar o Tsar e o exército ruso perseguindo os poloneses.

ESCENA 5

Unha cova en Lituania. Neva.

Pai Ubú, Pía, Cotica.

PAI UBÚ

Ah, tempo de can! Xea que fende as pedras e a persoa do Mestre das Finanzas se atopa moi estragada por isto.

PÍA

Hon! Señor Ubú. Estadades repostado do voso terror e da vosa fuxida?

PAI UBÚ

Estou. Xa non teño medo pero aínda teño fuxida.

COTICA (*a parte*)

Que corricho!

PAI UBÚ

Ei, don Cotica, como vos vai a vosa onella?

COTICA

Seor, todo o ben que pode ir indo moi mal. A conseicoencia do coal o chumbo debrúzaa contra o chan e non din extraído a bala.

PAI UBÚ

Vaites, estache ben! Tamén ti querías sempre zoupar nos demáis. Eu despreguéi o máis grande valor e, sen me expoñer, exterminei catro inimigos coa miña propia man, sen contar os que xa estaban mortos e nós rematamos.

COTICA

Sabedes vós, Pía, que foi do pequeno Rensky?

PÍA

Recibiu unha bala na cabeza.

PAI UBÚ

Do mesmo xeito que a mapoula e o mexacán na flor da mocidade son segados pola despiadada segadeira do despiadado segador que sega despiadadamente a súa

despida chola, do mesmo xeito o pequeno Renski fixo como a mapoula, bateuse moi ben, von todo, mais tamén había rusos de máis.

PIA E COTICA

Hon, seor!

UN ECO

Rrrrron!

PÍA

O que é iso? Armémonos coas nosas fullas.

PAI UBÚ

Ah, non! Madia leva, aposto que che son rusos aínda! Xa estou farto! E mais é ben doado, se me pillan mítoios nu saco.

ESCENA 6

Os mesmos. Entra un oso.

COTICA

Hon, Seor da Finanzas!

PAI UBÚ

Oh, vaites! Mirade para o cadeliño. É boíño, abofé.

PÍA

Tede coidado! Ah, que oso tan enorme: os meus cartuchos!

PAI UBÚ

Un oso! Ah, que animal tan atroz! Oh! Pobre home, papoume xa. Que Deus me ampare. E ven cara a min. Non, foi a Cotica a quen pillou. Ah, respiro!

O oso bótase enriba de Cotica. Pía atácao a coiteladas. Ubú refúxiase sobre dun penedo.

COTICA

A min, Pía, a min! Socorro, seor Ubú!

PAI UBÚ

Ca! Záfate, meu amigo! Polo momento nós estamos a rezar o noso Pater Noster. A cada quen lle chega a súa vez de que o coman.

PÍA

Xa o teño, xa o teño!

COTICA

Dálle, meu amigo, xa comeza a me ceibar.

PAI UBÚ

Santificetur nomen tuum.

COTICA

Ruín covarde!

PÍA

Ai! Traboume! Oh, Señor, salvádenos, morrín.

PAI UBÚ

Fiat voluntas tua!

COTICA

Ah, logrei ferilo!

PÍA

Bravo, estase desangrando!

No medio dos berros dos palotinos, o oso ouvea de dor e Ubú continúa moumeando.

COTICA

Agárrao forte mentres eu pillo o meu puñetazo explosivo.

PAI UBÚ

Panem nostrum quotidianum da nobis hodie

PÍA

Telo xa? Non podo máis.

PAI UBÚ

Sicut et nos dimittimus debitoribus nostris.

COTICA

Ah, xa o teño!

Retumba unha explosión e o oso cai morto.

PÍA E COTICA

Vitoria!

PAI UBÚ

Sed libera nos a malo. Amen. Está morto de a feito, por fin? Podo baixar do meu penedo?

PÍA *(con desprezo)*

Todo canto queirades.

PAI UBÚ (*baixando*)

Podédesvos gabar de que se estades aínda vivos e se pisades a neve de Lituania, debédelo á virtude magnánima do Mestre das Finanzas, que se esforzou, escadrillou e esganizou recitando padrenosos para a vosa salvación e que manexou con tanta coraxe a espada espiritual da plegaria coma vós manexastes con habilidade a terreal, o puñetazo explosivo do aquí presente palotino Cotica. Temos mesmo levado máis lonxe a nosa entrega pois que non temos dubidado en subirmos enriba dun penedo ben alto para que as nosas plegarias tarden menos en chegar ao ceo.

PÍA

Porco testán!

PAI UBÚ

Velaquí un animal grandísimo. Grazas a min tedes para cear. Que bandullazo, meus señores! Os gregos teríanse atopado nel máis a xeito ca no cabalo de madeira, e faltou ben pouquiño, meus queridos amigos para podermos ir comprobar cos nosos propios ollos a súa capacidade interior.

PÍA

Morro coa fame. Que comer?

COTICA

O oso!

PAI UBÚ

Ei, meus pobriños, idelo comer crú? Non temos nada para facer lume.

PÍA

Seica non temos o chisqueiro do fusil?

PAI UBÚ

E mais é certo. E paréceme tamén que non lonxe de aquí hai unha carballeiriña onde ten que haber pólas secas. Vai apañar algunhas, don Cotica.

Cotica afástase a través da neve.

PILA

E agora, Señoría, ide despezar o oso.

PAI UBÚ

Ai, non! Se cadra non está morto. Vai ti que xa estás medio comesto e mordido por todas partes. Acaiche de todo ese papel. Eu vou prender lume agardando que el traia leña.

Pía comeza a despezar o oso.

PAI UBÚ

Ei, ten conta! Moveuse.

PÍA

Non, Maxestade, xa está frííño de todo.

PAI UBÚ

Éche boa mágoa, mellor fora telo comido quentiño. Isto vaille provocar unha indigestión ao Mestre das Finanzas.

PÍA (*a parte*)

Dá noxo. (*Alto*) Axudade un pouco, señor Ubú, non dou feito o choio todo.

PAI UBÚ

Non, eu non quero facer nada! Estou canso, claro!

COTICA (*volvendo*)

Que de neve, meus amigos, diríase que estamos en Castela ou no Polo Norte. A noite comeza a caír. De aquí a unha hora xa estará escuro. Apuremos para vermos algo aínda.

PAI UBÚ

Si, escoitaches, Pía? Apura. Apurade os dous. Poñede o animal nun espeto e asádeo, eu teño fame!

PÍA

Ai, ho, isto xa é forte de máis! Terás que traballar, ou senón non has levar nada, oiches, comellón?

PAI UBÚ

Ai, a min éme igual, a min sábeme tanto crú! Os que estades pillados sodes vós. A máis, eu teño sono.

PÍA

Que lle queredes, Pía? Fagamos, logo, a cea nos os dous. El non ha levar nada. Velaí. Ou podemoslle dar a osamenta.

COTICA

Está ben. Ah, velaí laprear o lume.

PAI UBÚ

Oh, está ben iso, agora fai caloriño! Mais estou vendo rusos por todas partes. Que fuxida, gran Deus! Ah!

Cae durmido.

COTICA

Gustaría de saber se o que dicía Renski é certo, se a Nai Ubú foi verdadeiramente destronada. Non sería imposíbel.

PÍA

Acabemos de facer a cea.

COTICA

Non, temos que falar de cousas máis importantes. Penso que sería ben informarnos da veracidade desas noticias.

PÍA

É certo; debemos abandonar o Pai Ubú ou quedarmos con el?

COTICA

A noite trai consello. Imos durmir e xa veremos mañán o que cómpre facer.

PÍA

Non, é mellor aproveitarmos a noite para marchar.

COTICA

Imos, logo.

Marchan.

ESCENA 7

Ubú fala durmindo

PAI UBÚ

Ah, don Dragón ruso, tede coidado, non tiredes cara a aquí, que hai xente. Ah, velaí Bordadura! Que malo é, semella un oso. E Amolao ven contra min! O oso! O oso! Ai, agora caíu! Que duro está, gran Deus! Eu non quero facer nada! Vaite, Amolao! Oíches, galopín? Velaí Rensky, agora, e mais o Tsar. Ai, van mallar en min! E a Ubúa! Onde pillaches todo ese ouro? Pilláchesme o meu ouro, miserábel, fuches escarabellar na miña tumba, que está na catedral de Varsovia, perto da Lúa. Eu estou morto dende hai moito tempo, foi Amolao quen me matou e estou soterrado en Varsovia perto de Ladislao o Grande, e mais tamén en Cracovia perto de Xoán Sexismundo, e mais tamén en Thorn na casamata con Bordadura! Velo aí está de novo. Vaite dunha vez, oso maldito. Asemellas a Bordadura. Oíches, besta de Satanás? Non, non oe nada, os porcazotes cortáronlle as onellas. Esmiolái, mattái, cortái as onellas, arrincái a finanza e bebéi ata morreredes. É a vida dos porcazotes, é a felicidade do Mestre das Finanzas.

Cala e durme.

ACTO V

ESCENA 1

É noite. O Pai Ubú durme. Entra a Nai Ubú sen velo. A escuridade é completa.

NAI UBÚ

Por fin teño un abeiro. Aquí estou soa, non é unha mágoa, mais que carreira tan desenfreada! Atraversar toda Polonia en catro días! Caíronme ao tempo todas as desgrazas. Ao que marchou ese gran testán vou á cripta enriquecerme. De alí a un pouquiño houben ser dilapidade por Amolao e eses enrabiados. Perdo o meu cabaleiro, o palotino Xiron, que estaba tan namorado dos meus atractivos que se extasiaba cando me vía, e mesmo, segundo me aseguraron, cando non me vía, o que é o colmo do agarimo. Deixaríase cortar en dous por min, o pobre do rapaz . A proba é que Amolao cortouno en catro. Pif, paf, pan! Ai, penso que morro. Entón, despois emprendo a fuxida perseguida pola multitude enfurecida. Deixo o palacio, chego ao Vístula e todas as pontes estaban vixiadas. Paso o río a nado esperando así cansar os meus perseguidores. Por todos os lados a nobreza se xunta e me persegue. Estou a piques de perecer mil veces, afogada por un cerco de poloneses resoltos a me perderen. Finalmente enganei o seu furor e, despois de catro días de carreiras pola neve do que foi o meu reino, chego a me refuxiar aquí. Nestes catro días nin comín nin bebín. Amolao víñame apertando... Por fin estou a salvo agora. Ai, estou morta de fatiga e de frío. Mais gustaríame ben saber o que foi do meu gordo polichinela, quero dicir do meu moi respectábel esposo. Collido lle teño algunha finanza. Roubado lle teño algúns rixdais. Pillado lle teño algunhas talladas. E o seu cabalo para as finanzas a morrer coa fame. Non vía a miúdo avea, o pobre diaño! Ai, que chufa máis boa! Mais... malpocada!... perdín o meu tesouro! Está en Varsovia, que vaia buscalo quen queira.

PAI UBÚ *(comezando a acordar)*

Pillade a Nai Ubú, cortade as onellas!

NAI UBÚ

Ai, meu Deus! Onde estou? Perdo a cabeza. Ai, non, Señor!

Grazas a Deus que entrevín

o señor Pai Ubú a durmir cabo de min.

Voume poñer garimosa. E logo, meu gordecho, durmiches ben?

PAI UBÚ

Moi mal! Estábache ben duro o tal oso!

Combate dos voracios contra os correacios, mais os voracios comeron e devoraron completamente os correacios, como habedes ver cando sexa día, oídes, nobres palotinos?

NAI UBÚ

Que esbardalla este? Aínda está máis parvo que cando marchou. A quen lle fala?

PAI UBÚ

Cotica, Pía, respondédeme, saco para merdra! Onde é que estades? Ai, teño medo! E mais alguén falou. Non foi o oso, supoño eu. Merdra! Onde van os meus mistos? Ai, perdinos na batalla!

NAI UBÚ *(a parte)*

Aproveitemos a situación e a noite, simulemos unha aparición sobrenatural e fagámoslle prometer o perdón para as nosas furtadelas.

PAI UBÚ

Mais, san Antón me valla, están a falar! Pola perna de Cristo! Que me aforquen!

NAI UBÚ *(pondo voz grossa)*

Si, señor Ubú, claro que falan, e a trompeta do arcanxo que ten que tirar os mortos de entre a cinza e a poeira final non había falar doutro xeito! Escoitade esta voz severa. É a de san Gabriel, que non pode senón dar bos consellos.

PAI UBÚ

Ai, si, claro!

NAI UBÚ

Non me interrompades ou calo e a vosa chechosca vai ir aviada!

PAI UBÚ

Ai, a miña chedrolla! Xa calo e non digo máis nada. Seguide, señora Aparición!

NAI UBÚ

Diciamos, señor Ubú, que erades un gordecho!

PAI UBÚ

Moi gordo, efectivamente, tedes razón.

NAI UBÚ

Calade, polo cravos de Cristo!

PAI UBÚ

Ei, os anxos non xuran!

NAI UBÚ *(a parte)*

Merdra! *(Seguindo)* Estades casado, señor Ubú?

PAI UBÚ

Estou. Coa lurpia máis grande!

NAI UBÚ

Queredes dicir que é unha muller encantadora.

PAI UBÚ

Un horror. Ten poutas por todos os lados, non se sabe por onde collela.

NAI UBÚ

Hai que collela polas boas, Maxestade, e se a colledes así, habedes ver como ela é cando menos igual á Venus do Campidoglio.

PAI UBÚ

Quen ten un can con piollos?

PAI UBÚ

Non estades a escoitar, señor Ubú, prestádenos máis atención. (*A parte*)
Apuremos, que o día vai abrir. Señor Ubú, a vosa muller é adorábel e deliciosa, non ten un defecto ningún.

PAI UBÚ

Enganádesvos, non hai defecto ningún que non teña.

NAI UBÚ

Calade xa! A vosa muller non vos é infiel!

PAI UBÚ

Gustaríame ben ver quen podería namorarse dela. É unha harpía!

NAI UBÚ

Non se dá á bebida!

PAI UBÚ

Dende que eu collín a chave da adega. Antes, ás sete da mañán xa estaba ela chea. Perfumábase con augardente. Agora que se perfuma con xirasol non cheira moito máis mal. Tanto me ten. Pero agora só eu estou cheo!

NAI UBÚ

Personaxe estúpido! A vosa muller non colle o voso ouro.

PAI UBÚ

Non, que divertido!

NAI UBÚ

Non vos sisa un pataco!

PAI UBÚ

Testemuña o noso nobre e infortunado señor cabalo para Fynanzas, que ao non recibir mantenza dende hai tres meses, tivo que botar a campaña enteira arrastrado pola bridaao través de Ucraña. Así morreu no empeño, o pobre do animal!

NAI UBÚ

Todo isto son mentiras, a vosa muller é un modelo e vós sodes un monstro!

PAI UBÚ

Todo isto son verdades, a miña muller é unha trampona e vós sodes unha trosma!

NAI UBÚ

Andade con tino, Pai Ubú.

PAI UBÚ

Ah, é certo! Esquecíame con quen estaba a falar. Non, non dixeran iso!

NAI UBÚ

Vós matastes a Wenceslao.

PAI UBÚ

Non foi culpa miña, claro. Foi a Nai Ubú quen o quixo.

NAI UBÚ

Vós fixestes morrer a Boleslao e Ladislao.

PAI UBÚ

Peor para eles! Queríanme zoupar!

NAI UBÚ

Non mantivestes a vosa promesa a Bordadura e máis tarde matástelo.

PAI UBÚ

Prefiro ser eu e non el quen reine en Lituania. Polo momento non é nin un nin outro. Vedes logo que eu non fun.

NAI UBÚ

Non tedes máis ca unha maneira de vos facer perdoar as vosas falcatrúas todas.

PAI UBÚ

Cal? Estou totalmente disposto a me facer un santiño, quero ser bispo e ver o meu nome no calendario.

NAI UBÚ

Hai que perdoar a Nai Ubú por ter sisado uns poucos cartos.

PAI UBÚ

Pois velaí! Heina perdoar cando ela me teña devolto todo, cando ela teña levado unha malleira e cando ela teña resucitado o meu cabalo para finanzas.

NAI UBÚ

Este toleou polo seu cabalo! Ai, estou perdida, o día está abrindo!

PAI UBÚ

Mais ao cabo estou contento por saber agora con certeza que a miña querida esposa me roubaba. Agora sei de fonte segura. *Omnis a Deo scientia*, o que quere dicir: *Omnis* toda, *a Deo* ciencia, e *scientia* ven de Deus. Velaí a explicación do

fenómeno. Mais a señora Aparición non di máis nada. E eu sen lle poder ofrecer algo con que se poida reconfortar. O que ela dícía era moi divertido. Vaites, xa é día! Ah, Señor, polo meu cabalo para finanzas, é a Nai Ubú!

NAI UBÚ (*desvergoñadamente*)
Non é certo, vovos excomungar.

PAI UBÚ
Ah, prea!

NAI UBÚ
Que sacrilexio!

PAI UBÚ
Ah, isto é forte de máis. Ben vexo que es ti, lurpia parva! Por que diaño estás aquí?

NAI UBÚ
Xirón morreu e os poloneses expulsáronme.

PAI UBÚ
E a min foron os rusos os que me expulsaron: as persoas intelixentes sempre se volven xuntar.

NAI UBÚ
Di máis ben que unha persoa intelixente volveuse xuntar cun burricán!

PAI UBÚ
Ai, si, eh? Pois agora vaise xuntar cun palmípedo.

Bótalle o oso.

NAI UBÚ (*caíndo esmagada baixo o peso do oso*)
Ai, santo Deus! Que horror! Ai, morro! Afogo! Estame trabando! Estame papando! Estame dixerindo!

PAI UBÚ
Está morto, paspana! Ai, e mais se cadra non o está. Ai, Señor, non está morto! Lisquemos! (*Subindo de novo enriba do penedo*) Pater noster qui es...

NAI UBÚ (*ceibándose*)
Vaites! Onde se meteu?

PAI UBÚ
Ai, Señor! Velaí está aínda! Creatura parva! Non ha xeito de se desfacer dela! Está morto ese oso, ou?

NAI UBÚ
Si, burricán! Estache friiño de todo. Como é que chegou aquí?

PAI UBÚ (*confuso*)

Non sei. Ah, seino, si! Quixo comer a Pía e a Cotica e eu mateino dun golpe de Pater Noster.

NAI UBÚ

Pía, Cotica, Pater Noster. Que zarapallada é esa? Pola miña finanza, toleou!

PAI UBÚ

É totalmente certo o que che eu digo! E ti, pola miña chechosca, ti es idiota!

NAI UBÚ

Cóntame a túa campaña, Pai Ubú.

PAI UBÚ

Non, Virxe Santísima, é longo de máis! Todo o que sei é que malia a miña indiscutíbel valentía todo o mundo me bateu.

NAI UBÚ

Como? Mesmo os poloneses?

PAI UBÚ

Eles gritaban: "Viva Wenceslao e Amolao!". Ben pensei que me ían esmendrellar, tirado por catro cabalos. Que enrabiados! E mais mataron a Rensky!

NAI UBÚ

Tanto me ten! Sabes que Amolao matou ao palotino Xirón?

PAI UBÚ

Tanto me ten! E tamén mataron ao palotino Lascy!

NAI UBÚ

Tanto me ten!

PAI UBÚ

Oh, abonda, eh? Ven aquí, prea! Ponte de xeonllos diante do teu amo (*rempúxaa e guíndaa de xeonllos*), vas sufrir o derradeiro suplicio.

NAI UBÚ

Ho, ho, señor Ubú!

PAI UBÚ

Oh! Oh! Oh! Acabaches xa? Agora comezo eu: torsión do nariz, arrincamento dos cabelos, penetración do garabullíño nas orellas, extracción dos miolos polos talóns, laceración do posterior, supresión parcial ou mesmo total da médula espiñal (a ver se así polo menos lle quitase as espiñas do carácter), sen esquecer a apertura da vexiga natatoria e finalmente a gran decapitación renovada de san Xoán Bautista, todo tirado das Sagradísimas Escrituras, tanto do Antigo como do Novo Testamento, ordeado, corrixido e perfeizoado polo aquí presente Mestre das Finanzas! Pareceche, pasmona? (*Ráchaa*)

NAI UBÚ
Piedade, señor Ubú!

Forte ruído á entrada da cova.

ESCENA 2

Os mesmos. Amolao lanzándose na cova cos seus soldados.

AMOLAO
Adiante, meus amigos! Viva Polonia!

PAI UBÚ
Ei, ei, agarda un pouquiño señor Poloñento! Agarda a que eu acabe coa miña metade!

AMOLAO (*Baténdolle*)
Ten, covarde, ruín legrumán, cadrumán, musulmán!

PAI UBÚ
Ten, poloñento, borrachento, rabuxento, sarxento, elemento, fedorento, laceirento, concilio de Trento, golfo de Tarento, roxo coma un pemento!

NAI UBÚ (*baténdolle tamén*)
Ten, capón, porcón, felón, histrión, bribón, bascollón, polacón!

Os soldados lánzanse enriba dos Ubs que se defenden o mellor que poden.

PAI UBÚ
Deuses, cantos reforzos!

NAI UBÚ
Temos pés, señores poloneses!

PAI UBÚ
Pola miña candea verde! Á fin da fin vai dar isto fin? Outro máis! Se tivese aquí o meu cabalo para fyanzas!

AMOLAO
Zoupade! Seguide zoupando!

VOCES FÓRA
Viva o Pai Ubeiro, o noso gran financeiro!

PAI UBÚ

Ah, velos aí! Bravo! Velaí os Paiubús. Adiante, vide. Necesitámosvos, señores das Finanzas!

Entran os palotinos, que se lanzan na liorta.

COTICIA

Á porta, poloneses!

PÍA

Hon! Vémonos de volta, seor das da Finanzas! Adiante, empuxade vigorosamente, chegade á porta! Unha vez fóra non haberá máis que liscar.

PAI UBÚ

Ai, si, iso é a miña especialidade! Ai, como zoupa!

AMOLAO

Deus! Estou ferido.

ESTANISLAO LECZINSKI

Non é nada, Maxestade.

AMOLAO

Non estou atordoado, unicamente.

XOÁN SOBIESKI

Zoupade, seguidе a zoupar, que os moi loubáns están chegando á porta.

COTICA

Xa estamos perto, seguidе á xente. A conseicoencia do coal, eu vexo o ceo.

PAI UBÚ

Ai, esforrícome polos calzóns. Adiante, cornachedrolla! Mattái, sangrái, esfolái e exterminái, corna de Ubú! Ah, xa queda menos!

COTICA

Xa só hai dous a gardar a porta.

PAI UBÚ (*mallando neles a golpes de oso*)

Un e dous! Uf, xa estou fóra! Lisquémonos! Os demáis seguidе, e axiña!

ESCENA 3

A escena representa a provincia de Livonia cuberta de neve. Os Ubs e seu séquito fuxindo.

PAI UBÚ
Ah, coido que renunciaron a nos pillar!

NAI UbÚ
Si, Amolao foi facer que o coroasen.

PAI UBÚ
Non lla envexo eu, a súa coroa.

NAI UBÚ
Tes ben razón, Pai Ubú.

Desaparecen ao lonxe.

ESCENA 4

*A ponte dun navío que navega á bolina polo Báltico.
Enriba da ponte o Pai Ubú e toda a súa tropa.*

O COMANDANTE
Ah, que brisa tan boa!

PAI UBÚ
É un feito que estamos largando cunha rapidez que constitúe un prodixio. Debemos estar facendo polo menos un millón de nós por hora, e o mellor destes nós é que unha vez feitos non se desfan. É certo que imos vento en popa.

PÍA
Que triste imbécil.

Prodúcese unha ventolada, o navío escora e o mar branquea coa espuma.

PAI UBÚ
Oh! Ah! Meu Deus! Naufragamos! Vai todo torto, vaise afundir o teu barco.

O CAPITÁN
Todos a sotavento! Cinxide a mesana!

PAI UBÚ
Ai, iso si que non! Era boa! Non vos poñer todos da mesma banda. É unha imprudencia. E supoñede que o vento viñese cambiar de lado: todo o mundo iría para o fondo do mar e o peixes hannos comer.

O COMANDANTE
Non arribedes, pairade todo o que poidades!

PAI UBÚ

Si! Si! Arribade. Eu teño presa. Arriba, logo, escoitádesme? É culpa túa, animalote de capitán, se non estamos xa de arribada. Xa debiamos estar arriba. Oh, oh, voume ter que poñer eu ao mando! Listos para virar! Vira de bordo! Botade o rizón. Virade ao vento de proa, virade ao vento de popa. Izade as velas, arriade as velas. Temón arriba, temón abaixo, temón á banda. Vedes o ben que vai? Vide en través da vaga e todo vai ser perfecto.

Esmendréllanse todos, a brisa aumenta.

O COMANDANTE

Tirade do gran foque, rizade as gavias!

PAI UBÚ

Non está mal, iso, mesmo está ben. Escoitastes, señora Tripulación? Tirade de san Roque e rezade con labia.

Algúns morren coa risa. Embarca unha vaga.

PAI UBÚ

Oh, que diluvio! Este é o resultado das maniobras que acabamos de ordenar.

NAI UBÚ E PÍA

Deliciosa cousa, a navegación!

Embarca unha segunda vaga.

PÍA (*inundado*)

Desconfiade de Satanás e das súas pompas.

PAI UBÚ

Don rapaz, traédenos de beber.

Séntanse todos a beber.

NAI UBÚ

Ah, que ledicia poder ver axiña de novo a doce Francia, os nosos vellos amigos e o castelo de Mondragón!

PAI UBÚ

Axiña habemos estar alá. Agora mesmiño pasamos baixo o castelo de Elsinor.

PÍA

Síntome de novo revigorado coa idea de ver de novo a miña querida España.

COTICA

Si, e habemos deixar pampas aos nosos compatriotas co relato das nosas aventuras tan maravillosas.

PAI UBÚ

Oh, si claro! E eu heime facer nomear Mestre das Finanzas en París.

NAI UBÚ

Iso é! Ah, que sacudidura!

COTICA

Non é nada, acabamos de dobrar a punta de Elsinor.

PÍA

E agora, o noso navío lánzase a toda velocidade por riba das sombrías vagas do mar do Norte.

PAI UBÚ

Mar bravo e inhóspito que baña o país chamado Xermania, así denominado por levaren os seus habitantes todos o nome de Xermán.

NAI UBÚ

Velaí o que eu chamo erudición. Dis que ese país é moi fermoso.

PAI UBÚ

Ah, meus señores! Por fermoso que sexa non val o que Polonia. Se non existise Polonia non existirían os poloneses!